

NOVAS APORTACIÓNS PARA UN ESTUDIO DO CARNEIRO ALADO DE RIBADEO

FERNANDO ARRIBAS ARIAS

No noso traballo "Aportacións para un estudio do carneiro alado de Ribadeo" (1), dabamos a coñecer unha figuriña moi semellante á existente no Museo Provincial de Lugo: A cabra pertencente á Fundación Abegg de Suíza.

Catalogada como unha obra da arte selxúcida do século XIII, o paralelismo entre ámbalas dúas pezas é moi evidente; pero un estudio rigoroso sobre elas esixiría unha serie de análises (metalográficos, radiolóxicos, etc.) que, de momento, non se fixeron. Estas análises aportarían novos datos sobre o carneiro alado, permitindo-nos establece-la súa cronoloxía e achegarnos máis ó contexto cultural no que foi realizado.

Trala publicación do noso artigo, no que decíamos que non descartabamo-la aparición ou localización de figuriñas semellantes ó carneiro alado e a cabra da Fundación Abegg, chegaron ata nós novas doutras pezas de ourivería que presentan certas analoxías coas citadas anteriormente. O obxectivo desta publicación non é outro que o de dálas a coñecer, porque entendemos que os paralelismos que manteñen co carneiro de Ribadeo poden axudar ó estudio deste.

Aparte da cabra que reseñamos no número anterior do "Boletín do Museo Provincial de Lugo", na Fundación Abegg de Suíza hai un galo e un pavo real. Segundo nos informou Karel Otavsky, asesora científica da devandita Fundación, foron adquiridas en New York por Werner Abegg en 1963.

O galo ten 10 cm. de alto e 9,5 cm. de longo; mentres que as dimensións do pavo real son 8,7 por 8 cm. Deste último díxose que fora atopado nunha sepultura lombarda preto de Verzuolo, localidade italiana situada no Piemonte, provincia de Cuneo, e que dista uns 6 Km. de Saluzzo. Nembargante, a nosa informante dubidaba da veracidade da referencia.

Ámbalas dúas pezas son de ouro e están ornamentadas cun finísimo traballo de filigrana e granulado. A súa realización garda moita similitude coa do carneiro alado

(1) F. ARRIBAS ARIAS, "Aportación para un estudio do carneiro alado de Ribadeo", Boletín do Museo provincial de Lugo, V. páxs. 145 e s.s., 1992


e a cabra da Fundación (filigrana formando “escamas”, etc.), posible indicativo dunha factura común (taller ou estilo), se ben descoñecemos-la cronoloxía e cultura á que están adscritas.

Un maior paralelismo co carneiro de Ribadeo e a cabra de Suíza, ofrece a figuríña doutra cabra pertencente á Colección Borowsky, en Toronto (Canadá).


Presenta o seu corpo cuberto por liños de filigrana en forma de “escamas”, decorándose os costados coas figuras de tres cuadrúpedos (os dos extremos coa testa mirando cara atrás e o do medio para adiante). Perfilados de filigrana, o corpo destes cuadrúpedos está formado por un finísimo granulado. Este sistema aparece tamén no fociño da cabra; mentres que nos cornos, pezuños e colar, os gránulos están perfilados de filigrana e formando grupos.

Outras pezas de ourivería de forma zoomórfica, que presentan certas analoxías co carneiro alado de Ribadeo, son un paxaro e un león. O primeiro atópase na Walters Art Gallery; localizándose o león, catalogado como unha obra selxúcida dos séculos XII-XIII, no Instituto da Arte de Mineápolis.


Das figuríñas que levamos visto, non temos datos precisos da súa catalogación e se esta foi froito dunha investigación rigorosa. Pero coidamos que o coñecemento da existencia destas pezas de ourivería pode resultar de interese á hora de realiza-lo estudio científico que o carneiro alado de Ribadeo está demandando.




Galo da Fundación Abeeg, Suíza



Pavo real. Fundación Abegg. Suiza



Cabra. Colección Borowsky. Toronto (Canadá)



Paxaro. Walters Art Gallery